

SABIADES QUE EN GALICIA POR ESTA ÉPOCA CELÉBRASE UNHA FESTA DE MOITA SONA CHAMADA "OS MAIOS"?

Pica neste enlace, e escoita a canción. Despois contesta as preguntas sobre esta canción de Emilio Batallán. A poesía é do noso gran poeta de Lugo, Manuel María.

1- Completa as seguintes frases e terás o poema

Aí ven o maio de.....

puxéronse á porta cantándome.....

os puchos furados para min.....

pedíronme crocas , dos.....

Pasai rapaciños.....

que o que é polo de hoxe que darvos.....

Eu sonvos o probe do pobo.....

para min non hai para min sempre é.....

Cando eu me atopare de donos liberto,

e o pan non mo quiten trabucos e préstemos

e como os do abade florezan os meus eidos

Chegado haberá entón, o maio que eu quero!

Queredes castañas dos meus castiñeiros?

Cantádeme un maio sin bruxas nin demos,

un maio sin segas, usuras nin preitos.

1-Que palabras riman nas dúas últimas estrofas?

Na estrofa vermella riman.....

Na estrofa azul riman.....

A rima é:

☐ Asoante porque.....

☐ Consoante porque.....

2-Recordas como se chamaban estas estrofas, segundo o número de versos que ten cada unha?

A estrofa de cor vermella chámase.....

A estrofa de cor azul chámase.....

7-Na canción di: "Para min sempre é inverno". Que pensas que pode significar?

8-Na canción fálase de crocas, trabucos, abades, eidos, usuras. Busca os significados destas palabras e escríbeos. Recorda que os debes buscar en singular.

9-Busca información sobre os maíos, e escribe un pequeno relato sobre os mesmos. Para facer o texto podes guiarte por estas preguntas.

En qué provincias de Galicia se celebran con máis relevancia? Cal era a súa finalidade? Como se celebran?

